

ESTATUTOS

COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CANDEÁN



ESTATUTOS DA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CANDEÁN

CAPÍTULO I	Disposicións xerais
CAPÍTULO II	Dos comuneiros/as titulares
CAPÍTULO III	Adquisición da calidade de comuneiro/a
CAPÍTULO IV	Perda da condición de comuneiro/a
CAPÍTULO V	Dereitos e obrigas dos comuneiros/as
CAPÍTULO VI	Participación nos aproveitamentos no su posto de que o monte sexa obxecto de explotación directa dos veciños e veciñas
CAPÍTULO VII	Distribución das cargas e débedas no caso de explotación directa do monte
CAPÍTULO VIII	Modalidades de gozo
CAPÍTULO IX	Órganos da comunidade
CAPÍTULO X	Asemblea xeral de comuneiros/as
CAPÍTULO XI	A xunta reitora
CAPÍTULO XII	Do presidente da xunta reitora
CAPÍTULO XIII	Outros órganos de administración
CAPÍTULO XIV	Responsabilidade dos órganos de goberno
CAPÍTULO XV	Impugnación dos acordos dos órganos de goberno e facultades da comunidade para revogalos
CAPÍTULO XVI	Aproveitamentos
CAPÍTULO XVII	Eleccións de cargos da xunta reitora.
CAPÍTULO XVIII	Extinción da comunidade

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS
DISPOSICIÓN FINAL



CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. O obxecto dos presentes estatutos é o de regular o gozo e aproveitamento dos montes veciñais da parroquia de San Cristovo de Candeán, denominados MONTES COSTA FREIRIA E OUTROS, clasificados polo Xurado Provincial en virtude da resolución con data 27 de outubro de 1994, e demais montes que no futuro se clasifiquen como veciñais en man común deste lugar, a teor do establecido na Lei 13/1992, do 10 de outubro, do Parlamento Galego e o seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e, no que fose preciso, a Lei 55/80, do 11 de novembro, e o seu regulamento, do 26 de febreiro de 1970.

Artigo 2. As normas contidas nestes Estatutos inspíranse nos usos e costumes tradicionalmente observados para regular o aproveitamento e gozo dos devanditos montes. Non obstante, se se demostrase a existencia de usos e costumes non recollidos neles, serán respectados e calquera parte interesada poderá pedir a súa inclusión nos presentes Estatutos, unha vez probada en debida forma a súa tradicional observancia, en razón de conformidade co art. 38-1.º do Estatuto de Autonomía de Galicia, que son de preferente aplicación, por imperativo da Disposición Final 2.ª da Lei 13/89, do 10 de outubro, en relación coa Disposición Adicional Cuarta na que se recoñece a parroquia como marco na forma que establecen os arts. 27-2 e 40-2 do citado Estatuto de Galicia.

Artigo 3. A titularidade e aproveitamento dos referidos montes correspóndelle á comunidade en cuestión, que terá capacidade xurídica plena para o cumprimento dos seus fins, para a súa auto-organización, podendo en consecuencia, amais de aprobar os seus propios estatutos, exercer todas as accións, en vía xudicial e administrativa, que sexan precisas para a defensa dos seus específicos fins. A representación da comunidade correspóndelle á Xunta Reitora, e a desta ao seu presidente, podendo, en consecuencia, o devandito presidente defender o acervo comunitario, en casos urxentes, poñendo en coñecemento da Xunta Reitora e da Asemblea Xeral que máis proximamente se convoque o exercicio das

accións esgrimidas, para que o colectivo o ratifique ou impugne. Todo isto sen prexuízo das facultades que a cada comuneiro/a lle outorga o art. 17 da Lei 13/89, do 10 de outubro, no suposto de que o presidente non exercite as accións precisas como lle está encomendado.

Artigo 4. Os devanditos montes son inalienábeis, indivisíbeis, imprescritíbeis e inembargábeis, e non están suxeitos a ningunha tributación nin a costas da Seguridade Social Agraria.

Artigo 5. Non obstante o disposto no artigo anterior, poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de xeito principal en beneficio directo da comunidade veciñal, de acordo coas maiorías previstas no art. 18-1 da Lei 13/89, do 10 de outubro.

A cesión poderá ser por tempo indefinido en favor de calquera das administracións públicas cando sexa destinada a equipamentos a prol da propia comunidade, e mentres se manteña o fin para o que se fixo tal cesión.

Artigo 6. Tamén poderán ser obxecto de expropiación forzosa por mor de utilidade pública ou interese social prevalente, previo acordo da consellería competente, así como o establecemento do dereito que con todo iso se deriva na forma regulada no art. 6 da citada Lei 13/89, se ben prevé, agás caso excepcional acordado polas 2/3 partes dos comuneiros, que tales cartos se reinvestan en obras de infraestrutura do lugar e, no suposto de que o patrimonio colectivo fose expropiado conxuntamente, persista a comunidade á expectativa dun posíbel dereito de reinvestimento.

CAPÍTULO III

DOS COMUNEIROS/AS TITULARES

Artigo 7. Integran a comunidade, sen asignación de cotas específicas, todos os veciños e veciñas cabezas de familia que en cada momento residan na entidade parroquial de San Cristovo de Candeán, con casa aberta e con fumes, e reúnan os requirimentos establecidos no art.

3-1 da Lei 13/89, do 10 de outubro, e figuren inscritos no correspondente censo de comuneiros/as, pola súa propia iniciativa, previa solicitude de inclusión, na forma que regula o apartado 2 do art. 40 dos presentes estatutos.

Artigo 8. Cando varias familias habiten na mesma casa, será considerado comuneiro para os efectos destes estatutos o titular dos bens e, se fosen varios, o cabeza de familia de maior idade, que ostenta a titularidade da maior parte dos bens, ou outra persoa en quen delegue, por escrito, previa comunicación á Xunta Reitora.

CAPÍTULO II

ADQUISICIÓN DA CALIDADE DE COMUNEIRO/A

Artigo 9. A condición de comuneiro ou comuneira con pleno dereito á participación nos beneficios e cargas da comunidade adquirese:

- a) Por ter veciñanza e habitar en casa aberta e con fumes no lugar e cumprir o disposto no art. 3-1 da citada Lei 13/89.
- b) Por contraer matrimonio cunha persoa que reúna as anteriores condicións, sempre que se fixe o domicilio conxugal no citado lugar. En tal caso, ostentará a calidade de comuneiro/a o cónxuxe que teña a administración dos bens do matrimonio, podendo delegar no outro mediante un escrito que lle presentará á Xunta Reitora.

CAPÍTULO IV

PERDA DA CONDICIÓ N DE COMUNEIRO/A

Artigo 13. A condición de comuneiro/a pérdese por calquera das causas seguintes:

- a) Peche da casa no lugar por un ano.
- b) Por perda da veciñanza no lugar, se se estima que se gañou a veciñanza noutro lugar ou parroquia.

- c) Por renuncia escrita do titular ou por delegación escrita noutro membro da familia que reúna as condicións para ser comuneiro/a.
- d) Por falecemento do titular.
- e) Por decisión da Xunta Reitora, aprobada pola Asemblea Xeral, ao usar os bens comúns en forma distinta do establecido polos órganos da comunidade, por causarlles graves danos aos bens comúns ou impedir o seu uso aos demais comuneiros, sen prexuízo das demais responsabilidades a que houber lugar.
- f) Por falta de asistencia, sen causa xustificada, a tres asembleas xerais ordinarias para as que fose convocado en tempo e forma.

Artigo 14. A perda da condición de comuneiro/a non impedirá volver recuperala cando cesen as causas que a provocaron, e non prexudicará aos herdeiros ou posuidores do dereito que reúnan as demais circunstancias para a obter.

Artigo 15. Ao falecemento dun comuneiro, transferiráselle de xeito automático esta calidade ao herdeiro ou herdeira que siga a habitar a mesma casa do causante, e se fosen varios, a todos e cada un dos que fosen titulares de bens ou, cando proceda, ao de maior idade, agás acordo entre eles e comunicación á Xunta Reitora. Se os distintos herdeiros do comuneiro falecido pasasen a vivir en distintas casas do mesmo lugar como titulares delas e non tivesen anteriormente a calidade de comuneiro/a, pasará a ostentala dende o momento en que acredite á Xunta Reitora que se aprobou a partición de bens do comuneiro falecido.

Artigo 16. En caso de transmisión *inter vivos* ou *mortis causa* do uso e gozo da totalidade dos bens que pertencían a un comuneiro ou comuneira que perde por tal motivo a súa condición, o/a adquirente non terá dereito a se reintegrar como membro da comunidade ata que adquira a veciñanza no referido lugar, de acordo co previsto nos presentes estatutos, e iso sempre que habite en casa aberta e con fumes, e da cal sexa titular do uso e gozo. As transmisións parciais non extinguen o dereito do transmitinte.

CAPÍTULO V

DEREITOS E OBRIGAS DOS COMUNEIROS E COMUNEIRAS

Artigo 17. Ademais dos que resulten dos restantes preceptos destes estatutos e da lexislación de montes veciñais en man común, son dereitos dos comuneiros:

- a) Participar na administración, control e goberno da comunidade, cando for elixido membro da Xunta Reitora.
- b) Ser informado de todos aqueles datos relativos á marcha da comunidade, no domicilio do secretario ou quen fose depositario da documentación, así como formular os reparos que teña por conveniente nas deliberacións dos órganos de goberno.
- c) Participar nos aproveitamentos directos e gratuítos, de acordo coas normas sinaladas pola Asemblea Xeral.
- d) Explotar, cando proceda, parcelas de monte veciñal, conxunta ou individualmente, do xeito que regula a Lei 13/89, do 10 de outubro, do Parlamento Galego, previo acordo que o legalice, tomado pola Asemblea Xeral.
- e) Traballar na explotación do monte, se esta fose unha das metas, co fin de evitar as medidas de protección e xestión cautelares ás que contrae o art. 24 e seguintes do citado texto 13/89, do 10 de outubro.
- f) Todos os demais que se deriven da súa condición de comuneiro/a e, especialmente, exercer o dereito a voto para elixir os membros da Xunta Reitora e decidir o resultado nas Asembleas Xerais.

Artigo 18. Son obrigas de todos os comuneiros e comuneiras:

- a) Cumprir fielmente os preceptos da lexislación de montes veciñais en man común destes estatutos e dos acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Reitora.
- b) No suposto de enfrontar a Asemblea Xeral a explotación directa do monte, efectuar as achegas obrigatorias da forma e modo

que pola mesma se fixen, mais suxeitándose a un plan racional de explotación do monte.

- c) Desempeñar con toda dilixencia os cargos da Xunta Reitora ou calquera outro para o que fose designado.
- d) Asistir ás reunións ás que for convocado en debida forma.
- e) No caso de explotación directa do monte, ben por toda a comunidade, ben na forma asociativa que se determine, poñer a máxima dilixencia nas súas funcións e labores que teña encomendados.
- f) No caso de cesión do uso de parcelas derivadas do monte veciñal en man común, suxeitarse estritamente ás normas que para o efecto establece a Lei do 10 de outubro de 1989 do Parlamento Galego, e ás do seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e, en definitiva, a todos os preceptos que lle sexan aplicábeis.
- g) Todas as demais que resulten da aplicación da lexislación de montes veciñais en man común, dos presentes estatutos e do desenvolvemento dos acordos da comunidade, determinados pola Asemblea Xeral ou a Xunta Reitora, dentro do ámbito da súa respectiva competencia.

CAPÍTULO VI

PARTICIPACIÓN NOS APROVEITAMENTOS NO SUPOSTO DE QUE O MONTE SEXA OBXECTO DE EXPLOTACIÓN DIRECTA DOS VECIÑOS/AS

Artigo 19. A participación de cada un dos comuneiros e comuneiras no aproveitamento ou nos beneficios que sexa susceptible de producir o referido monte será logo de deducidos os gastos de explotación, os xornais e demais contribucións do caso, investíndose sempre o exceso en obras comunitarias cunha prioridade que establecerá a Asemblea Xeral. Tales cantidades hanse distribuír da maneira que determine o colectivo veciñal expresado pola Asemblea Xeral.

Artigo 20. Para os efectos do exposto no artigo anterior, entenderanse por rendementos pecuniarios ou beneficios líquidos aqueles que se expresan no artigo precedente e logo de reservar o 15% dos mesmos para investimentos, protección, accesos ou servizos derivados do uso social a que o monte estará destinado, de acordo co art. 23 da Lei 13/89, do 10 de outubro, e, como é natural, de descontar as cantidades investidas na explotación do monte e os xornais aboados ou xerados polos comuneiros que traballasen na obtención do produto, que lles serán aboados aos mesmos con independencia da súa participación nos beneficios.

CAPÍTULO VII

DISTRIBUCIÓN DAS CARGAS E DÉBEDAS NO CASO DE EXPLOTACIÓN DIRECTA DO MONTE

Artigo 21. Tendo en conta que, en principio, a comunidade se propón a explotación do monte na forma que se dirá no seguinte capítulo, as cargas ou débedas que graven a explotación do monte, que se producisen como consecuencia da mesma, se deducirán dos beneficios, se os houber.

Artigo 22. Ata que se cubran totalmente as débedas contraídas para a explotación do monte, non se procederá á distribución de beneficios, que se destinarán integramente á amortización das devanditas débedas, sen prexuízo do previsto no art. 23 da Lei 13/89, do 10 de outubro.

Artigo 23. No caso excepcional de que fose preciso para certos traballos de explotación do monte, a Asemblea Xeral poderá obrigar a realizar do xeito que indique, con igualdade para todos os comuneiros, certas prestacións de tipo persoal, que poderán ser efectuadas directamente polos comuneiros ou ben por un xornaleiro a cargo daquel, que aboará os xornais que lle corresponda realizar.

Artigo 24. No suposto indicado de explotación directa do monte, no caso de que se produza o ingreso dun comuneiro no momento en que existan débedas pendentes realizadas no aproveitamento do monte, non

poderá participar en tales aproveitamentos ata que participe na contía que proporcionalmente lle corresponda nas referidas débedas.

CAPÍTULO VIII

MODALIDADES DE GOZO

Artigo 25. A comunidade proporase como meta principal a posta en explotación do monte, de xeito que sexa susceptible de producir unha riqueza que mellore as condicións económico-sociais da comunidade ou daqueles interesados directamente na explotación. Por iso, o modo primordial e obrigatorio de explotación do referido monte será a que realice a propia comunidade para obtención de rendementos pecuniarios a curto, medio e longo prazo, de acordo coa vocación das distintas partes do mesmo e segundo un plano técnico que sinala as posibilidades de cada zona.

Artigo 26. Só naqueles casos en que a explotación en común e con rendementos pecuniarios non fose posíbel, poderán admitirse aproveitamentos directos e gratuítos que realicen os veciños, de xeito que os produtos aproveitados redunden integramente no seu beneficio particular ou familiar, sen proporcionarlle rendementos pecuniarios inmediatos tales como pastos, cultivos eventuais, esquilmo, arumes, leñas de mato, leñas caídas, etc. De todas as maneiras, estes aproveitamentos deben efectuarse de acordo coas normas que dite a Asemblea Xeral e sen que se lles impida ou dificulte o uso igual aos restantes comuneiros, agás que estes renuncien a el, distribuíndose en tal caso entre os demais usuarios e usuarias.

Artigo 27. O aproveitamento do monte efectuarase de acordo cun plan técnico que deberá ser aprobado pola comunidade, se antes non fose obxecto de convenio coa Xunta de Galicia.

Artigo 28. A comunidade de veciños/as propietaria dun monte poderá acordar que, para usos gandeiros ou agrícolas de parte do monte, se poida aproveitar de maneira individual mediante a distribución entre os veciños e veciñas comuneiros de lotes cedidos temporalmente a título oneroso ou gratuito, e por un período de tempo non superior a once anos. Para a asignación dos lotes procurarase que os comuneiros/as que traballen

conxuntamente baixo a forma de explotación unitaria da terra teñan os lotes contiguos co fin de facilitar a súa mellor explotación.

Artigo 29. Cando a utilización dun lote ou sorte por parte dun particular sexa destinada a uso distinto ou contraditorio do acordado pola Asemblea Xeral, isto dará lugar á reversión inmediata do mesmo e pasará a situación de aproveitamento colectivo.

Artigo 30. Rematado o período de cesión do devandito lote, a Asemblea Xeral poderá optar polo aproveitamento colectivo do mesmo ou facer unha nova repartición. Neste caso os lotes que se lles entregaron aos comuneiros/as non poderán coincidir cos que se aproveitaron no período anterior.

Artigo 31. A Asemblea Xeral coidará de que tales lotes estean debidamente cultivados e de que se poida atender a demanda para novos comuneiros e comuneiras que entren na comunidade despois de feita tal distribución, reservando sempre lotes ou sortes para que o principio de igualdade, consagrada constitucionalmente, inspire tales cesións de uso.

CAPÍTULO IX

ÓRGANOS DA COMUNIDADE

Artigo 32. O goberno e administración da comunidade serán realizados pola Asemblea Xeral de Comuneiros, a Xunta Reitora e o presidente da devandita Xunta Reitora.

CAPÍTULO X

ASEMBLEA XERAL DE COMUNEIROS E COMUNEIRAS

Artigo 33. A Asemblea Xeral de comuneiros e comuneiras é o órgano supremo da comunidade, que expresará a súa vontade e estará composta por todos os veciños que integren a relación de comuneiros/as que formen a comunidade.

Artigo 34. A Asemblea Xeral reunirase de maneira obrigatoria unha vez ao ano, en sesión ordinaria, nos tres primeiros meses para aprobar

orçamentos e plans que se van desenvolver durante ese ano, así como para controlar a execución e cumprimento de orçamentos e plans do ano anterior, dos que se dará un estado de contas.

Serán extraordinarias todas as demais reunións que sexan convocadas polo presidente, a propia iniciativa, a instancia da Xunta Reitora ou do 20% dos comuneiros e comuneiras.

Artigo 35. As convocatorias para a Asemblea Xeral, tanto en reunión ordinaria coma extraordinaria, serán efectuadas polo presidente da comunidade, que igualmente ostentará o cargo de presidente da Xunta Reitora, mediante escrito que estenderá o secretario, con dez días de antelación, no que exprese o lugar, a data e a hora en que se debe celebrar, en primeira e segunda convocatorias, o seu carácter ordinario e extraordinario e incluíndo na orde do día os asuntos que se van tratar. Publicarase a citada convocatoria nos lugares de costume, cun mínimo de dez días de antelación, mediante notificación escrita a todos os comuneiros e comuneiras, e exporase, como determina o artigo 14-4 da Lei 13/89, do 10 de outubro, no taboleiro de anuncios do correspondente concello.

Artigo 36. Para a validez dos acordos requírese, en primeira convocatoria, a asistencia da maioría dos comuneiros/as inscritos no correspondente censo e na segunda convocatoria, polo menos o 25%. Entre a primeira e a segunda convocatorias deberán transcorrer como mínimo dúas horas, como establece o artigo 14,3 da citada Lei 13/89.

Artigo 37. A asistencia ás reunións da Asemblea Xeral deberá ser do propio comuneiro/a ou outro comuneiro/a, maior de 18 anos, en quen delegue mediante un escrito que lle presentará á presidencia ao comezo da reunión. Non obstante, ningún asistente poderá ostentar máis dunha representación nin emitir máis dun voto.

Artigo 38. Agás nos casos expresamente tipificados na Lei de montes veciñais en man común, o seu regulamento ou os presentes estatutos, os acordos deberán ser tomados pola maioría dos asistentes e obrigarán a todos os comuneiros.

Artigo 39. Será redactada a correspondente acta do resultado da

reunión polo secretario, e nela deberá constar a decisión da maioría respecto a cada un dos puntos da orde do día, expresando o número de votos a favor e en contra, e cando algún asistente quixese facer constar a súa oposición recollerase e expresaranse o seu nome e apelidos.

Un extracto dos acordos será publicado nos lugares de costume durante dez días a partir dos dous seguintes á reunión.

Artigo 40. É competencia da Asemblea Xeral de comeneiros e comeneiras:

1. A elección do presidente e demais cargos da Xunta Reitora.
2. A aceptación de novos comeneiros/as que reúnan os requisitos necesarios.
3. O establecemento de períodos de carencia e cotas de ingreso dos novos comeneiros/as, cando proceda, como consecuencia de participar en aproveitamentos creados pola propia comunidade.
4. Decidir sobre a perda total ou parcial de dereitos dalgún comeneiro ou comeneira.
5. Dirimir as discordias entre comeneiros/as.
6. Aprobar os orzamentos anuais, investimentos de remanentes líquidos, obras sociais, melloras comunitarias, créditos, convenios e as contas do exercicio.
7. Aprobar as posíbeis federacións, unións e mancomunidades con outras comunidades.
8. Reformar os presentes estatutos.
9. Concertar cesións de uso, arrendamentos, dereitos de superficie, así como de explotacións diversas no monte e posíbeis modificacións.
10. Determinar a porción de monte suxeito a repartición entre os distintos comeneiros/as, períodos de duración, rotacións e modos de explotación para que cumpran o fin previsto na lexislación vixente.
11. Realizar permutas de terreos de carácter veciñal con outros próximos de calquera orixe, sempre que cumpran o principio de

proporcionalidade que se establece na Lei 13/1989, do 10 de outubro, do Parlamento Galego, dándolle conta disto ao Xurado Provincial de Clasificación.

12. Todas as medidas relativas á protección e xestión cautelara que sexan establecidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

13. Xestionar o cumprimento das medidas de prevención do monte e a loita contra os incendios forestais na forma que determine a expresada consellería cada ano, sen prexuízo de que a propia comunidade enfrente por si as que considere convenientes en defensa do patrimonio colectivo.

14. Aprobación da distribución de aproveitamentos, beneficios pecuniarios e cargas, no suposto de explotación colectiva, total ou parcial do monte.

15. Ratificación e rectificación de todos os acordos da Xunta Reitora que se estimen prexudiciais ou contrarios a outros da Asemblea Xeral.

16. Imposición de sancións aos infractores/as das normas ditadas pola Asemblea Xeral e a Xunta Reitora.

17. Así mesmo, e de forma concreta, todos os acordos referentes a autorizacións e concesións para poder constituír e explotar espazos do monte ou dos seus recursos, sinalando para o efecto as cotas que se van percibir por tales conceptos.

18. Resolver as reclamacións previas á vía xudicial contra os acordos adoptados pola mesma e pola Xunta Reitora.

19. Todo o relativo a deslindamentos e derregas parciais ou totais do monte.

20. Realizar cantos actos sexan precisos para a boa marcha da comunidade, explotación do monte e dos seus recursos e convenios que se realicen para a cesión, permuta ou adquisición de bens e dereitos que poidan variar o acervo patrimonial da comunidade.

21. Cantas outras estean atribuídas polas disposicións en vigor, ou as que se diten no futuro, e cantas outras se lles atribúan nos presentes estatutos, especialmente no tema do exercicio do voto e elección de cargos.

CAPÍTULO XI

A XUNTA REITORA

Artigo 41. A administración e xestión da comunidade correspóndelle á Xunta Reitora, que está constituída polo presidente, vicepresidente, secretario, tesoureiro e un número non superior de dez vogais.

Artigo 42. Os referidos cargos son gratuítos e honoríficos e terán unha duración de catro anos, sendo substituídos por outros na forma que se estableceza máis adiante nos seguintes casos:

- a) Falecemento ou incapacidade de obrar.
- b) Perda da condición de comuneiro ou revogación da representación que ostenta.
- c) Renuncia expresa admitida pola Asemblea Xeral.
- d) Remoción pola Asemblea Xeral Extraordinaria, a pedimento do 20% dos comuneiros/as, aprobada por maioría simple, sempre que concorran a esta asemblea o 25% dos comuneiros e comuneiras.

Artigo 43. A Xunta Reitora reunirase en sesión extraordinaria cando o dispoña o presidente ou calquera dos seus membros, e en sesión ordinaria, obrigatoriamente, como mínimo cada tres meses.

Artigo 44. Para que quede validamente constituída a Xunta Reitora, deberán asistir a maioría dos seus membros, e en todo caso o presidente ou, coa súa delegación, o vicepresidente.

Os acordos serán adoptados pola maioría dos/das asistentes e, en caso de empate, decidirá o presidente.

A asistencia ás reunións da Xunta Reitora será sempre persoal, sen que se admitan delegacións.

Artigo 45. Son funcións da Xunta Reitora:

1. Execución de acordos da Asemblea Xeral.
2. Presentación á Asemblea Xeral da proposta de novos comuneiros e comuneiras, imposición de períodos de carencia, cotas de ingresos e separacións de comuneiros/as.

3. Confección e presentación na Asemblea Xeral de orzamentos e balances.

4. Promover a confección de plans ou cambios neles para o mellor aproveitamento do monte.

5. Decidir sobre a imposición de accións xudiciais, administrativas ou doutra orde na mesma reunión que se celebre para a súa ratificación. Todo iso sen prexuízo das facultades que por razóns de urxencia se lle outorgan ao presidente da comunidade.

6. Facer xestións, desembolsos de cartos ata 500 000 pesetas, dándolle contas detalladas de todo iso á Asemblea Xeral para que as acepte ou rexeite.

7. Impulsar o funcionamento da comunidade co fin de evitar as accións de protección e xestión cautelar atribuídas á Administración.

8. En xeral, administrar a comunidade, as que delegue a Asemblea Xeral ou imponha a Lei 13/89, do 10 de outubro, o seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, ou, no que fose preciso, a Lei 55/80, do 11 de novembro, e o seu regulamento.

9. A Xunta Reitora dispoñerá das contas bancarias abertas a nome da comunidade, podendo decidir sobre a súa apertura e cancelación nas entidades financeiras que considere conveniente para o interese xeral da comunidade. Terán recoñecida a sinatura para dispoñer de fondos os seguintes membros da Xunta Reitora: o presidente, o vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os vogais, sendo precisa a sinatura conxunta de catro dos membros da Xunta Reitora citados para a disposición de fondos da
conta bancaria.

Artigo 46. O presidente da Xunta Reitora ostentará, xudicial e extraxudicialmente, a representación da comunidade; con todo, poderán ser nomeados polo órganos da comunidade ou por este outros/as representantes para asuntos concretos cando se considere oportuno.

O vicepresidente substituirá ao presidente na súa ausencia e en asuntos de representación, e auxiliará a aquel nos trámites da súa competencia.

Artigo 47. O secretario será o encargado das citacións, actas, correspondencia, certificacións, libro de actas e censo de comuneiros e, en xeral, de toda a documentación da comunidade.

Artigo 48. O tesoureiro será o encargado de controlar as xestións económicas e de reflectir a marcha da comunidade nos libros de contabilidade, así como de controlar os seus fondos, realizando todas as xestións deste tipo, en especial pagamentos ou ingresos, coa intervención do presidente, o mesmo que as ordes de xestións para a evolución do patrimonio da comunidade e, en definitiva, de controlar toda a marcha contábel da devandita comunidade, reflectindo nos libros as entradas e saídas de cartos da mesma.

Artigo 49. Os vogais terán as funcións que lles encomende a Xunta Reitora. Prestarán unha función colaboradora en asuntos de tesourería e contabilidade, na elaboración de orzamentos, velando polo correcto reflexo de ingresos e gastos, sen prexuízo do exposto no artigo anterior, podendo someter calquera xestión que diso se derive á Xunta Reitora, a cal poderá, se o considera conveniente, pola súa banda, sometela á consideración da Asemblea Xeral.

CAPÍTULO XII

DO PRESIDENTE DA XUNTA REITORA

Artigo 50. O presidente da Xunta Reitora é o representante legal da comunidade, podendo para o efecto defendela sen que precise contar coa Xunta Reitora nin coa Asemblea Xeral en casos de urxencia, coa obriga de someter á ratificación dos anteriores órganos, na primeira reunión que se celebre, os actos realizados en defensa da comunidade, sexan estes en vía xudicial, administrativa ou de calquera outra para a súa confirmación ou rexeitamento.

É, polo tanto, o representante legal da comunidade.

CAPÍTULO XIII

OUTROS ÓRGANOS DE ADMINISTRACIÓN

Artigo 51. A Asemblea Xeral poderá nomear comisións xestoras para a mellor administración de certas áreas do monte ou do seu patrimonio,

de explotacións concretas ou para cumprir misións específicas dentro da comunidade, compostas por un presidente e dous vogais, elixidos entre os que teñan interese directo no obxecto para o que se constitúen.

Artigo 52. As devanditas comisións terán as facultades que a Asemblea Xeral ou a Xunta Reitora lles asignen nas cuestións que lles fosen encomendadas, e os seus acordos, segundo a competencia de cada órgano, serán ratificados ou rexeitados pola Asemblea Xeral ou pola Xunta Reitora.

CAPÍTULO XIV

RESPONSABILIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 53. A Asemblea Xeral será responsábel ante as comuneiras e os comeneiros da boa marcha da comunidade e do cumprimento das súas obrigas, dos presentes estatutos e das leis e regulamento de montes veciñais en man común.

Artigo 54. A mesma responsabilidade incúmbelle á Xunta Reitora, tanto polo que respecta aos asuntos da súa competencia coma aos que lle encomenda a Asemblea Xeral, e aos danos e perdas que lle ocasione á comunidade por culpa da negligencia ou morosidade na súa actuación.

A responsabilidade da Xunta Reitora será sempre colexiada, a non ser que algún dos seus membros traspase as facultades que lle foron conferidas e actúe a nivel persoal con terceiros; en tal caso, esixiráselle responsabilidade individualmente. Todo isto sen prexuízo das responsabilidades en que incorra cada un dos seus membros.

CAPÍTULO XV

IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FACULTADES DA COMUNIDADE PARA REVOGALOS

Artigo 55. Os acordos da Asemblea Xeral contrarios á Lei de Montes en Man Común ou ao seu regulamento, os infractores dos presentes

estatutos e os non acaídos aos intereses xerais poderán ser recorridos por calquera dos comeneiros ou comeneiras dentro dos quince días naturais seguintes, en caso de que tal comeneiro/a asista á asemblea en que se adoptou o acordo, e nos trinta días seguintes naturais se non asistiu á mencionada asemblea, debendo resolver a Asemblea Xeral sobre tal recurso dentro dos trinta días naturais seguintes á súa presentación; e esa decisión poderá ser impugnada ante a xurisdición ordinaria dentro dos dous meses seguintes.

Os recursos interpostos polos comeneiros/as a que se contrae o presente artigo tramitaranse conforme a Lei de Procedemento Administrativo, con invocación do precepto infrinxido.

Artigo 56. Se se trata de acordos da Xunta Reitora que adoezan dos mesmos defectos, deberán ser impugnados polos comeneiros/as que se crean prexudicados ante a Asemblea Xeral no termo de quince días naturais dende a súa publicación, e a resolución daquela poderá ser impugnada na forma prevista no artigo anterior.

Artigo 57. A Asemblea Xeral poderá revogar calquera acordo aprobado por ela ou pola Xunta Reitora, mais para iso requirirá que concorran as circunstancias do artigo 18, parágrafo 1.º, da Lei 13/89, do 10 de outubro, do Parlamento Galego.

Cando tales acordos fosen contrarios á Lei e regulamento de montes veciñais en man común, aos presentes estatutos ou violasen a lexislación xeral, poderán ser suspendidos polo presidente ata a reunión da referida asemblea cando así o solicite calquera dos membros da Xunta Reitora ou o 20% dos comeneiros e comeneiras.

Se tales acordos fosen ratificados pola Asemblea Xeral reunida para os efectos, poderán ser executados, sen prexuízo das responsabilidades en que incorra a propiedade comunal, se a xurisdición competente ordenase a súa revogación.

CAPÍTULO XVI

APROVEITAMENTOS

Artigo 58. Os aproveitamentos do monte correspóndenlles, no caso non especificado de que a comunidade afronte a transformación do monte, ben directamente ben en calquera forma asociativa, en todo ou en parte, segundo os casos, exclusivamente aos veciños comuneiros/as, sen asignación de cotas ou parcelas específicas, agás tratándose de aproveitamentos eventuais, nos que a comunidade acorde distribuír lotes entre os seus membros, por períodos non superiores a once anos.

Artigo 59. Os aproveitamentos do monte veciñal en man común serán:

- a) directos e gratuítos; e
- b) con rendementos pecuniarios.

Serán aproveitamentos directos e gratuítos aqueles que realicen os comuneiros e comuneiras de maneira que os produtos aproveitados redunden directamente no seu beneficio particular ou familiar, sen proporcionar rendementos pecuniarios inmediatos.

Serán aproveitamentos directos e gratuítos os seguintes:

- Pastoreo de gando propiedade dos/as membros da comunidade, xa sexa de maneira individual ou colectiva.
- Esquilmos, cando non sexan aproveitamento con rendemento pecuniario.
- A caza, cando non sexa aproveitamento con rendemento pecuniario e sexa aproveitado o devandito recurso pola comunidade, sen previo establecemento de couto.
- Cultivos eventuais.

Nos aproveitamentos directos e gratuítos, a participación será necesaria para satisfacer as necesidades familiares e a explotación agraria do titular.

Se algún dos aproveitamentos chegase a escasear ou así fose conveniente, a Xunta Reitora halle propoñer á Asemblea Xeral o sistema de distribución e limitacións que considere máis adecuado para compaxinar a escaseza coas necesidades dos comuneiros/as para un mellor aproveitamento e beneficio do monte.

Artigo 60. En materia de aproveitamento de augas, a comunidade de montes rexerese polo disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común e os seu regulamento con carácter xeral, todo isto sen prexuízo do que para o efecto dispón a Lei de Augas 29/85, do 2 de agosto, e o Regulamento Público Hidráulico, aprobado polo R.D. 849/86, do 11 de abril, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da citada lei, agás que a Comunidade Autónoma Galega regule de distinto xeito, dentro da esfera da súa competencia, por medio doutra normativa de aproveitamentos acuíferos.

Artigo 61. As pólas procedentes das árbores pinchadas serán distribuídas entre os comuneiros/as interesados/as facendo lotes aproximadamente iguais.

Artigo 62. No caso de que calquera produto de rendemento directo e gratuíto non sexa aproveitábel en todo ou en parte, a Xunta Reitora da comunidade procederá á súa venda, investindo o produto obtido no mesmo en melloras da entidade de poboación a quen corresponda o monte, coa reserva a que se refire o art. 20 dos presentes estatutos.

Artigo 63. Consideraranse aproveitamentos con rendementos pecuniarios os seguintes:

- Vendas de madeira, pastos ou calquera aproveitamento que produza o monte susceptible de producir cartos.
- Arrendamento de pastos.
- Arrendamento de canteiras ou similares, ou cesión en dereito de superficie.
- Minas arrendadas ou explotadas directamente.
- Arrendamento de parcelas ou cesión das mesmas por medio de dereito de superficie ou cesión de uso.

- Cesión de augas, sen prexuízo do establecido na Lei do 2 de agosto de 1985 e do Regulamento Público Hidráulico.
- Arrendamento, cesión de dereito de superficie ou dereito de uso de calquera aproveitamento do monte ou dunha parte.
- A caza mediante arrendamento ou explotación directa, en caso de que se considere e así sexa acordado pola comunidade en Asemblea Xeral.
- Cesións de calquera tipo, mediante arrendamento de uso ou superficie de todo ou parte do monte para calquera forma asociativa.
- Outros que poidan establecerse.

Artigo 64. As actuacións sobre o aproveitamento do monte en función das necesidades da comunidade previstas nos artigos anteriores estarán suxeitas a plans de aproveitamento racional do monte.

Artigo 65. O alleamento dos aproveitamentos de madeira ou de calquera outro rendemento pecuniario farase sempre en poxa pública, con fixación de edictos nos lugares públicos de costume e incluso no boletín oficial da provincia, se así o acordase a Asemblea Xeral de comuneiros/as. Os membros da comunidade poderán asistir á poxa e participar nela, someténdose ás condicións establecidas para a mesma.

Artigo 66. Serán aproveitamentos non-pecuniarios nin directos aqueles que para a súa consecución requiran o establecemento dunha empresa agropecuaria ou industrial que esixa achega de capital, man de obra remunerada, organización, risco e organización técnica empresarial, así como proceso continuo de produción, con autonomía económica independente e propia.

Artigo 67. A comunidade poderá facultar, previo acordo da Asemblea Xeral, á Xunta Reitora para que realice, en caso de interesar, as xestións necesarias a fin de se mancomunar coa comunidade doutras localidades que posúan montes veciñais en man común co obxecto de realizaren conxuntamente os momentos de explotación dos mesmos para algún dos seus aproveitamentos ou para a súa defensa, especialmente no que se refire a incendios forestais e demais riscos a que poida estar suxeito o monte.

Artigo 68. Para a conservación ecolóxica e ambiental do monte, a Xunta Reitora da comunidade, con autorización previa da Asemblea Xeral, poderá tomar as medidas necesarias para que non se rompa o seu equilibrio ambiental e, en consecuencia, tomar as medidas legais contra os infractores ecolóxicos.

CAPÍTULO XVII ELECCIÓNS DE CARGOS DA XUNTA REITORA. AS ELECCIÓNS

Artigo 69. Para a primeira elección da Xunta Reitora será convocada unha Asemblea Xeral polos promotores dos presentes estatutos ou tres comuneiros/as para tal fin, dentro do prazo que sinala a disposición transitoria segunda.

A mesa electoral estará integrada polo comuneiro ou comuneira de maior idade e o/a de menor idade, o primeiro dos cales ostentará a presidencia e o segundo, a secretaría.

As candidaturas que concorran á elección poderán asignar cadanseu interventor de mesa, sempre que estes non formen parte de ningunha candidatura.

Serán elixidos presidente, vicepresidente, secretario e tesoureiro da Xunta Reitora os/as que integren a candidatura que maior número de votos obteña dos comuneiros ou comuneiras en Asemblea Xeral da comunidade.

Artigo 70. Para as demais eleccións, unha vez finalizado o mandato da anterior Xunta Reitora, o presidente da comunidade convocará Asemblea Xeral a fin de:

- a) convocar eleccións para elixir aos membros que compoñan a Xunta Reitora;
- b) sinalar o lugar, día e hora para a celebración da Asemblea Xeral para tal elección.
- c) Designar entre os comuneiros e comuneiras, para compoñer a mesa electoral, o presidente, o secretario e dous vogais, así como

catro suplentes e sucesiva aceptación dos designados para o desempeño do cargo.

Artigo 71. A designación efectuada e a aceptación manifestada para o desempeño de tal cometido é renunciábel por imposibilidade ou causa de necesidade xustificada, sempre que tal renuncia se efectúe con polo menos dez días de antelación á celebración da Asemblea Xeral para efectuar tal elección, presentándoa mediante un escrito dirixido ao presidente da comunidade, quen, de se acreditar os extremos de imposibilidade ou causa de necesidade, lle comunicará ao primeiro dos suplentes a designación para o cargo na mesa, e así sucesivamente.

Artigo 72. A asemblea para a elección da Xunta Reitora será convocada con polo menos trinta días de antelación.

Artigo 73. As distintas candidaturas depositaranse para a súa formalización ante a secretaria da Xunta Reitora presentadas por calquera dos seus compoñentes nun escrito no que figure a súa composición e os cargos a que cada un aspire, dentro dos vinte días seguintes á data da convocatoria para a celebración da Asemblea Xeral que contempla o artigo 72 destes estatutos, prazo que rematará ás 24 horas do vixésimo día.

Artigo 74. As candidaturas que pugnen por ocupar os distintos cargos da Xunta Reitora poderán designar cada unha delas un interventor, que non sexa candidato a ningún dos cargos na mesa electoral, para que fiscalice a claridade das eleccións.

Artigo 75. Calquera incidente ou recurso que se presente durante a celebración das eleccións reflectirase na acta que o secretario da mesa levante, e resolverase na Asemblea Xeral que se celebrará a continuación do escrutinio e reconto de votos.

Tal reconto poderá ser impugnado ante a xurisdición ordinaria dentro dos dous meses seguintes, sen que sexa de aplicación para o presente caso o disposto no art. 55 destes estatutos.

Artigo 76. Unha vez que se resolva sobre dos incidentes e recursos a que se refire o artigo anterior, acordarase a validez das eleccións, do escrutinio e do reconto de votos, e procederase a continuación a declarar

electos para os cargos da Xunta Reitora tal e como se contempla no parágrafo último do art. 69 dos presentes estatutos, tomando acto seguido posesión dos mesmos.

CAPÍTULO XVIII

EXTINCIÓN DA COMUNIDADE

Artigo 77. A comunidade extinguirase por calquera das causas seguintes:

- a) Por disposición legal que así o ordenase.
- b) Por deixar de existir a totalidade dos veciños comuneiros e comuneiras.

Artigo 78. No suposto de deixar de pertencer o monte á comunidade e ser substituído por outros bens, poderá continuar a existencia da mesma coa explotación dos ben substituídos, sempre que así o acorde a Asemblea Xeral.

Artigo 79. Cando ao tempo que se expropie o monte se extinga a comunidade titular do mesmo, o importe de xusto prezo poderá investirse, cando así o acorde a Asemblea Xeral, na adquisición doutro monte, predio ou inmovible, se existiu traslado a outra parroquia, aldea ou lugar que tivese facilitado calquera entidade pública ou privada, ou ben fose xestionado pola propia comunidade.

Artigo 80. Cando non fose posíbel o previsto no artigo anterior, a Asemblea Xeral, por maioría dos seus membros, decidirá sobre o emprego e xusta distribución do importe correspondente á expropiación dos bens comunais, mais a comunidade non desaparecerá, en expectativa de dereito de reversión dos mesmos. De se extinguir ou desaparecer a comunidade de veciños e veciñas titular do monte, de forma provisoria e ata que se reconstituía a comunidade, e sempre que a parroquia onde radique o monte non exerza o dereito conferido no art. 20 da Lei de Montes Veciñas 13/89, os montes serán xestionados de forma cautelara pola Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS


Primeira. Antes da aprobación dos presentes estatutos, na forma que regula a Lei 13/89, do 10 de outubro, do Parlamento Galego, concederanse dez días para que teñan pleno coñecemento dos mesmos todos os posíbeis comuneiros, trámite que efectuarán cando proceda, de ser a primeira Xunta Reitora, os promotores do expediente de clasificación ou tres veciños/as con dereito a se integraren na comunidade e de ser a Xunta Reitora en funcionamento; concederáselles igual prazo a todos os comuneiros para o estudo dos devanditos estatutos, a incorporación de normas peculiares da zona onde os mesmos se vaian aplicar, ou para incorporar o costume inveterado que cando proceda puidese existir como fonte de dereito especial galego.

Segunda. No expresado prazo de tempo convocarase a Asemblea Xeral na forma que determina o apartado 4.º da Lei 13/89, do 10 de outubro.

DISPOSICIÓN FINAL

Única. No non previsto nos presentes estatutos, regulará a Lei 13/89, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, promulgada polo Parlamento Galego, e o seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e no que for mester a Lei 55/80, do 11 de novembro, e o seu regulamento aprobado polo Decreto do 26 de febreiro de 1970 e, no seu defecto, a lexislación xeral e o costume inveterado como fonte especial do dereito foral galego en virtude do art. 38 do Estatuto de Galicia.

Como consecuencia do devandito, as ordenanzas e estatutos polos que se rexeu ata agora a comunidade quedan derogados polos presentes, que terán plena validez despois de aprobados en Asemblea Xeral e remitidos á Secretaría do Xurado de Clasificación de Montes Veciñais da provincia, por duplicado, con certificación á fe do secretario da comunidade de obter a súa aprobación e relación ou censo detallado de comuneiros e comuneiras que integran a devandita comunidade, e terán efecto dende o día seguinte á súa recepción polo mencionado organismo.



Rúa Devesa, 25 - 36317 Candeán (Vigo)